



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Descrición Decreto: Nomeamento persoal laboral temporal socorrista subvencionado pola Deputación provincial da Coruña

DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto o decreto núm. 262/2017 de data 06/07/2017 de formación da I Bolsa de traballo de socorrista do Concello de Boimorto e segundo as bases da convocatoria aprobadas por Decreto de Alcaldía núm. 214 de data 09/06/2017 e decreto núm. 262/2018 de data 19/06/2018 polo que se publica a situación actual da bolsa.

Vista a resolución número 2019/12791 de 10 de abril de 2019 pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO023B convocatoria do programa de socorrismo dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2019 (BOP núm. 71 do 12/04/2019), polo que se concede definitivamente ao Concello de Boimorto un importe de subvención de 4.848,77 euros (cod. Exp. 2019000003780).

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear como socorrista a Alfonso Felix Novo Sanda con DNI XXX0900XX.

Condicionase a formalización do contrato en aplicación da base oitava e trece á presentación polo interesado da seguinte documentación:

- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Documento Nacional de Identidade.
- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Título esixido.
- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) dos méritos presentados.
- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer a función propia da praza.

- Declaración xurada de que non foi separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.

- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa contratación.

SEGUNDO.- Facer pública por publicación deste decreto no taboleiro de anuncios do Concello de Boimorto así como na páxina web a situación actual da I bolsa de traballo de socorrista do Concello de Boimorto que queda tal como segue tras a nova contratación:

I BOLSA DE EMPREGO

1.- ALFONSO FELIX NOVO SANDA con DNI XXX0900XX. Contratado.

2.- BORJA PEREZ RODRIGUEZ con DNI XXX2757XX.

TERCEIRO.- Notificar persoalmente o presente decreto ao seleccionado indicado no apartado primeiro, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite presentada a documentación requirida a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 17/06/2019.

Decretouno a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ